

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CORRESPONDENTE O DÍA 13 DE XUÑO DE 2024.-

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día 13 de xuño de dous mil vinte e catro ; as nove horas e vinte minutos xuntase os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data Alcalde Don César Fernández Gil concelleiros/as: don Miguel García Domínguez, don Juan Carlos Fernández Fernández , dona Yolanda Gómez Gómez, dona Mariluz Expósito Pérez

Está presente o Secretario do Concello, Francisco Fernández Castro.

Está presente o Interventor do Concello, D Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

1.- ACTA ANTERIOR.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior de 4 de xuño de 2024..

2.- OBRAS MAIORES.

Outorgamento licenza de obras 2160 /2022 RIB / C/ 123.6/22

Vista a solicitude formulada por don Miguel Serrano Gómez en representación de don Rubén Rodríguez Castro para PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN PARA INSTALACIÓN DE CAMPAMENTO DE TURISMO PARA CABANAS nas parcelas con referencia catastral 32070A046002990000YH e 32070A04600320000YA

Consta no expediente:

- PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN PARA INSTALACIÓN DE CAMPAMENTO DE TURISMO PARA CABANAS, visado 2205895,2 data 26.10.2022 polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia e redactado e asinado polo arquitecto Miguel Serrano Gómez, colexiado nº 2.200 do COAG, e as modificación presentadas e que se recollen nos seguintes documentos: en data 17 de xaneiro de 2023 tivo entrada no rexistro do Concello de Ribadavia memoria visada nº 2205895,2 data 26.10.2022, e planos de situación, planos de arquitectura, planos de instalacións urbanas e planos construtivos actualizados e visados nº 2205895,3 data 16.01.2023, redactado e asinado polo arquitecto Miguel Serrano Gómez, colexiado nº 2.200 do COAG; en data 20 de febreiro de 2023 memoria renovada co anexo de instalacións, os orzamentos actualizados, os planos que se modifican, documento visado nº 2205895,4 data 20.02.2023, redactado e asinado polo arquitecto Miguel Serrano Gómez, colexiado nº 2.200 do COAG; en data 5 de decembro de 2023 nova documentación técnico visada nº 2205895,6 01.12.2023 polo COAG e asinada polo arquitecto Miguel Serrano Gómez, colexiado nº 2.200 polo COAG (Memoria, Instalacións, Planos de urbanización, Planos de arquitectura, Planos cimentación muros, Planos construción, Planos instalacións urbanas, Planos instalacións edificios, Orzamento fase 1, Orzamento completo); en data 16 de maio de 2024 nova documentación técnico visada nº 2205895,7 12.04.2024 polo COAG e asinada polo arquitecto Miguel Serrano Gómez, colexiado nº 2.200 polo COAG (plano urbanización, orzamento 1ª fase, memoria ...)

Constan no expediente os informes-autorizacións sectorias preceptivas: Consellería de Cultura-Patrimonio, Confederación Hidrográfica Miño Sil, Consellería de Medio Rural, Deputación de Ourense, ADIF, Servizo Territorial de Explotacións Agrarias.

-Informe favorable da señora Arquitecta Municipal dona Begoña Arregui Rodríguez de 11/6/2024.

-Informe do Secretario municipal de 11/6/2024.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda :

Conceder licenza de obras para a execución das obras contempladas no PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN PARA INSTALACIÓN DE CAMPAMENTO DE TURISMO PARA CABANAS, visado 2205895,2 data 26.10.2022 polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia e redactado e asinado polo arquitecto Miguel Serrano Gómez, colexiado nº 2.200 do COAG, e as modificacións presentadas e que se recollen nos seguintes documentos: en data 17 de xaneiro de 2023 tivo entrada no rexistro do Concello de Ribadavia memoria visada nº 2205895,2 data 26.10.2022, e planos de situación, planos de arquitectura, planos de instalacións urbanas e planos construtivos actualizados e visados nº 2205895,3 data 16.01.2023, redactado e asinado polo arquitecto Miguel Serrano Gómez, colexiado nº 2.200 do COAG; en data 20 de febreiro de 2023 memoria renovada co anexo de instalacións, os orzamentos actualizados, os planos que se modifican, documento visado nº 2205895,4 data 20.02.2023, redactado e asinado polo arquitecto Miguel Serrano Gómez, colexiado nº 2.200 do COAG; en data 5 de decembro de 2023 nova documentación técnica visada nº 2205895,6 01.12.2023 polo COAG e asinada polo arquitecto Miguel Serrano Gómez, colexiado nº 2.200 polo COAG (Memoria, Instalacións, Planos de urbanización, Planos de arquitectura, Planos cimentación muros, Planos construción, Planos instalacións urbanas, Planos instalacións edificios, Orzamento fase 1, Orzamento completo); en data 16 de maio de 2024 nova documentación técnica visada nº 2205895,7 12.04.2024 polo COAG e asinada polo arquitecto Miguel Serrano Gómez, colexiado nº 2.200 polo COAG (plano urbanización, orzamento 1ª fase, memoria ...) nas parcelas con referencia catastral 32070A046002990000YH e 32070A04600320000YA.

O inicio das obras queda sometido á condición da presentación da certificación do Rexistro da propiedade da inscrición da vinculación da superficie exixible á construción e aos usos autorizados expresando a indivisibilidade e as concretas limitacións ao uso e á edificabilidade impostas pola presente licenza.

1 Condicións particulares:

-O inicio das obras queda sometido á condición da presentación da certificación do Rexistro da propiedade da inscrición da vinculación da superficie exixible á construción e aos usos autorizados expresando a indivisibilidade e as concretas limitacións ao uso e á edificabilidade impostas pola presente licenza.

-Cumprase o sinalado Resolución do Servizo de Patrimonio Cultural da Xefatura Territorial de Ourense da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, no que se resolve:

" Autorizar a execución do solicitado co cumprimento das seguintes condicións:

- *Revisará o emprego da versión elevada de cabana por canto, dada a topografía da parcela, pode ser innecesario e de maior impacto territorial.*
- *Non se autoriza a instalación de paneis fotovoltaicos grafados na cuberta da cafetería."*

-Na execución das obras estarase ao disposto na Autorización da Confederación Hidrográfica do Miño – Sil, de data de rexistro de entrada no Concello de 14 de novembro de 2023; no Informe da Consellería do Medio Rural, con data de sinatura de 12 de xaneiro de 2023; na Notificación da Deputación de Ourense data de rexistro de entrada 14 de novembro de 2023, debendo o promotor solicitar autorización expresa para a posible ocupación do dominio público para a execución de obras, conexións coas redes de servizos e os accesos rodados a estrada así como a execución de peches; e na Dilixencia de Notificación de ADIF, na que se sinala que: "Le informamos que con fecha 08/06/2023, esta entidade ha emitido resolución ESTIMATORIA en el procedimiento administrativo de autorización de actividad en zonas de dominio público y/o protección ferroviaria con referencia

2023-0670-RC ... Para que le sea entregada la citada resolución, en plazo máximo de SEIS MESES desde la presente notificación deberá comunicar fehacientemente a ADIF su disponibilidad para ejecutar las obras autorizadas, justificando la constitución de las garantías que se establezcan en la resolución, a fin de formalizar, con el representante designado por esta entidad pública empresarial, el Acta de Conformidad con el Replanteo exigido por el artículo 33.2 del RD 2387/2004, del Reglamento de la Ley del Sector Ferroviario."

- O promotor deberá comprobar que as autorizacións que figuran no expediente estean vixentes para o inicio das obras, e no caso de ser necesario deberá solicitar a súa prórroga.

-O promotor deberá achegar un aval para garantir o abastecemento de auga, a evacuación e tratamento de augas residuais, o subministro de enerxía eléctrica, así como corrixir as repercusións que produza a implantación na capacidade e funcionalidade das redes de servizos e infraestruturas existentes; dito aval será o 10% do custe estimado para implantación ou reforzo dos servizos segundo se recolle no artigo 59. Condicións xerais das edificacións en solo rústico da RLSG. Neste caso, tomarase como referencia o orzamento do proxecto técnico, e dentro do capítulo de urbanización, a partida asinada para instalacións urbanas por un importe de 71.063,41 €. Polo tanto solicítaselle ao promotor un aval polo 10% de 71.063,41 € (partida destinada no proxecto a instalacións urbanas), que ascende a un total de 7.106,34 € (sete mil cento seis euros con trinca e catro céntimos).

2.-Condicións xerais:

En todo caso é de ter en conta que as licencias outórganse a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, polo que a Administración concedente non lle incumbe a comprobación da propiedade do solicitante, senón unicamente o acomodo á legalidade urbanística das obras ou actividades. Por outra banda, e segundo é xurisprudencia reiterada, a concesión da licenza levará implícito o condicionamento de acomodo da actividade á legalidade vixente e aplicable en cada caso, debendo acomodarse deste modo, non só os condicionamentos expresamente sinalados senón tamén ás normas de directa aplicación segundo a lexislación urbanística.

Penalización: O incumprimento das condicións fixadas dará lugar a apertura de expediente de protección da legalidade urbanística (artigo 152 e ss. da Lei 2/2016), sen prexuízo das sancións a que puidera haber lugar.

Caducidade: A caducidade será declarada pola Administración municipal logo do procedemento con audiencia do interesado.

Nome ou razón social do promotor:D Rubén Rodríguez Castro

Prazos: O prazo de inicio das obras non poderá exceder de seis (6) meses e o prazo de remate de tres (3) anos, a contar dende o día seguinte ó da presentación no concello da Certificación do rexistro da propiedade sobre da inscrición da vinculación da superficie exixible á construción e aos usos autorizados expresando a indivisibilidade e as concretas limitacións ao uso e á edificabilidade impostas pola presente licenza.

RESPECTO DA SEGURIDADE NA EXECUCIÓN DOS TRABALLOS:

Respecto da seguridade dos traballadores, adoptaranse as medidas mínimas de Seguridade e Saúde, recollidas na Ordenanza Laboral da Construción e demais normativa aplicable.

Liquidación do ICIO: Xírase unha liquidación provisional do ICIO por importe de 9.063,07 euros.

Para o inicio da actividade, unha vez rematadas as obras, presentarase:

- **Anexo 14. Comunicación Previa de Actividades con Obras, da Ordenanza Reguladora da Intervención Urbanística Municipal en Obras e Actividades (BOP nº 19 do 24 de xaneiro de 2015).**
- **Medición rúidos, en cumprimento do artigo 11 do Decreto 106/2015, sobre contaminación acústica de Galicia.**
- **Comunicación do Inicio da Actividade para a Inscripción no Rexistro Galego Sanitario de empresas e Establecementos Alimentarios, REGASA, da Consellería de Sanidade.**
- **Inscripción no Rexistro de Empresas e Actividades Turísticas non regulamentadas da Xunta de Galicia.**
- **Certificado de Instalación Eléctrica e comunicación ante o órgano competente da Comunidade Autónoma; en base ó disposto na ITC-BT-04 do REBT.**

3.- ESCRITOS DOS CIADANANS.

Escrito de dona Isabel Rodríguez Rodríguez en representación de Establecementos Asociados do Ribeiro expón:

CON MOTIVO DA VINDEIRA CAMPAÑA PROMOCIONAL DOS ESTABLECEMENTOS ASOCIADOS, O PRÓXIMO VENRES 21 DE XUÑO, QUE TENDRA LUGAR EN RIBADAVIA,

E SOLICITA:

SOLICITAMOS QUE SE NOS PERMITA O USO DE ALGUNHAS PARTES DA VILA PARA PODER LEVAR A CABO ACTIVIDADES DURANTE O DÍA. INSTALAR 2 COLCHONETAS DE AUGA NA ALAMEDA DE RIBADAVIA POR A TARDE. HORARIO

DE 4 A 9 HORAS. UBICAR EN 3 PUNTOS DIFERENTES MUSICA EN DIRECTO, RUA PROGRESO (XUNTO AO ANTIGO BANCO SANTANDER E XUNTO A PRAZA DE ABASTOS), RUA RIBEIRO XUNTO AO SUPERMERCADO EROSKI APROX.. TAMEN TENDREMOS A CHARANGA SORCHA CIRCULANDO POR AMBALAS RUAS POR A TARDE A PARTIR DAS 20 HORAS PARA O PECHER DA CAMPAÑA.

A xunta de goberno acorda tomar coñecemento e acceder ao solicitado.

4 ESCRITOS OFICIAIS

5 CUESTIÓNS ECONÓMICAS E ASUNTOS VARIOS.

APROBACIÓN DE FACTURAS

1.- A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, presta aprobación a factura emitida por Mantesil S.L.U., por servizo de montaxe de stand na feira do viño do Ribeiro 2024, por importe de 18.137,90 euros.

2.- A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, presta aprobación a factura emitida pola Universidade de Santiago de Compostela, por elaboración de manual de imaxe institucional, por importe de 7.260 euros.

CONCERTACIÓN DE OPERACIÓN DE TESOURERÍA.-

En relación co expediente para a concertación dunha operación de tesoureira y unha vez vista a proposta da Mesa de contratación e de acordo coa delegación de competencias realizadas por acordo plenario de data 06.07.2023, todo elo derivado do artigo 22 da L.B.R.L, da Lei 7/ 1985 de 2 de abril, modificado por Lei 11/1999 de 21 de abril, en concreto o artigo 22.2. m, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

UNICO.- Concertar coa entidade financeira Abanca S.A. un crédito para cubrir desfases transitorios de tesourería por importe de 171.970,11 euros, coas seguintes características:

- a) Tipo de interés variable : Euribor a 12 meses máis 0,14%.
- b) Comisión de apertura :0%.
- c) Comisión de non disponibilidad :0%.
- d) Comisión de excedido: exenta.
- e) Interés de demora:0,34% por enriba do interes debedor en cada momento do cálculo.
- f) Prazo de amortización:1 ano
- g) Recursos afectados como garantía: A totalidade dos recursos do concello de carácter ordinario non comprometidos por outras operacións de préstamo ou crédito, nos termos do artigo 49 do Real Decreto Legislativo 2/2004 de 5 de marzo.

6 ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo.

E sendo as nove horas e corenta minutos e non habendo máis asuntos que tratar o Sr Alcalde levanta a sesión.